

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitín Rouco

D. Marco López López

D. Alberto Santos Vázquez

D. José Manuel López Hermida

D^a Ana María Abad López

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezanove de decembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES DE DATA 17 DE OUTUBRO DE 2011, 24 DE OUTUBRO DE 2011 E 7 DE NOVIEMBRE DE 2011.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de datas 17 de

outubro de 2011, 24 de outubro de 2011 e 7 de novembro de 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador das actas das sesións plenarias de datas 17 de outubro de 2011, 24 de outubro de 2011 e 7 de novembro de 2011.

2º) ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2012. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas con data 15 de decembro de 2011, que a seguir se transcribe integramente:

“1º.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2012. APROBACIÓN INICIAL. DICTAME.-

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, e maila Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do proxecto de orzamentos, é en especial o que se refire á redución das previsións de ingresos que na medida do posible intentouse compensar con aforros en gastos ordinarios e noutro tipo de axudas non esenciais a prol de garanti-la permanencia e nalgúns casos, potenciación de servizos fundamentais sobre todo en tempos de crise, como poden ser o Plan de Emprego Municipal ou tódolos servizos da área social.

Rematado o debate a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López e Meitin Guerreiro, acorda informar favorablemente o Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2012 e propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2012, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPOSTO ECONÓMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1.	Impostos Directos	3.538.350 €
Cap.2.	Impostos Indirectos	10.000 €
Cap.3.	Tasas e outros ingresos	1.206.393 €
Cap.4.	Transferencias Correntes	1.040.040 €

Cap.5.	Ingresos Patrimoniais	57.360 €
B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.		
Cap.6	Enaxenación de inversións reais	0 €
Cap.7	Transferencias de capital	35.400 €
Cap.8	Activos financeiros	0 €
Cap.9	Pasivos financeiros	0,€
	TOTAL INGRESOS	5.887.543 €

II.- PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS

A).- OPERACIÓN CORRENTES.

Cap.1	Gastos de Persoal	2.668.375 €
Cap.2	Gastos en bens correntes e servicios	2.678.228 €
Cap.3	Gastos financeiros	2.200 €
Cap.4	Transferencias correntes	293.640 €

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Inversións Reais	245.100 €
Cap.7	Transferencias de capital	0 €
Cap.8	Activos financeiros	0 €
Cap.9	Pasivos financeiros	0 €
	TOTAL GASTOS	5.887.543 €

SEGUNDO: Aproba-lo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aproba-la Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Municipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Os Srs. Santos Vázquez e López Hermida manifiestan que se pronunciarán no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente, reitéranse e explícanse os aspectos máis salientables do proxecto de orzamento para o vindeiro exercicio económico.

Polo Sr. López López sinalase que o BNG é partidario de facer política e non politiquilla e en consecuencia, por responsabilidade, non vai facer demagogia respecto dun documento tan importante como os orzamentos municipais, xa que entendemos que nestes tempos de crise a marxe de manobra non é moita, e os axustes en gastos son necesarios pola redución de ingresos.

Sinala o Sr. López López que o BNG pon en dúbida de que o Partido Popular adoptara unha postura tan responsable no caso de estar na oposición, visto o sucedido no debate dos presupostos do Concello de Ribadeo, xa que no debate dos mesmos, a pesar de que o gasto de persoal en Ribadeo é moito menor que en Xove, e que as inversións reais en Ribadeo son moito maiores que en Xove, o Partido Popular de Ribadeo descalificou dun xeito vergoñento e demagóxico o documento orzamentario.

Remata a súa intervención o Sr. López López, instando ó Grupo de Goberno a que en calquera caso defenda os intereses dos veciños de Xove, incluso fronte a decisións e actitudes do seu propio partido, como por exemplo no gasto en retransmisións de cerimoniais relixiosas da TVG ou na supresión de cobertura sanitaria ós parados de longa duración.

Polo Sr. Alcalde-Presidente sinalase que o tema de debate son os orzamentos do Concello de Xove para o ano 2012, engadindo que sen prexuízo de que o Grupo de Goberno está aberto a debater calquera tema, incluída a programación da TVG, as decisións máis ou menos afortunadas dalgúns membros do goberno galego ou a situación económico financeira doutros concellos galegos, neste momento o que se trata e de debater e analizar as contas municipais.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que o proxecto de orzamento reflicte unhas contas e unhas previsións rigurosas, que van seguir garantindo a boa situación económico-

financieira do concello de Xove, mantendo o seu nivel de servizos e potenciando incluso nestes tempos de crise as medidas de apoio á educación, ó fomento do emprego e ós servizos sociais.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que vai votar en contra da aprobación destes orzamentos por tres razóns fundamentais; por entender que os gastos en materia de persoal son excesivos, acadando casi un 50% do total de gastos, por considerar que 60.000 € non son suficientes para xerar emprego e por considerar que o aforro non é un obxectivo razoable en tempos de crise.

Polo Sr. Alcalde contestase que os gastos de persoal son gastos de carácter obrigatorio, e que o seu elevado importe é consecuencia do feito de que Xove oferta e pon ó dispor dos seus veciños, unha cantidade de servizos e actividades sen comparación cos ofrecidos en calquera outro concello de Galicia ou España (gardería municipal, piscina climatizada, axuda no fogar, educación familiar, orientación laboral, desenvolvemento local, escolas deportivas, etc. etc.).

Engade o Sr. Alcalde que para o vindeiro exercicio, o financiamento do Plan de Emprego Local incrementase en 10.000€, ata acadar os 60.000€ consignados, cantidade que sin prexuízo de que poida ser aumentada ó longo do ano, o Grupo de Goberno considera axustadas para desenvolver unha eficaz política de fomento do emprego, xa que o obxectivo do Plan non é a contratación de parados por parte do Concello, senón incentivar á iniciativa privada para a contratación de veciños e veciñas de Xove.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura e Balseiro López, e co voto en contra do Sr. Santos Vázquez e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acorda aproba-lo dictame da comisión especial de contas anteriormente transcrito.

3º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUGUESA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía obrante no expediente e do borrador de estatutos da mancomunidade de concellos da mariña luguesa, nos que se reflicten as modificacións introducidas pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Coa autorización da presidencia, polo Secretario Municipal infórmase dunha banda que as modificacións de referencia derivan da necesaria adaptación dos estatutos á normativa de réxime local de aplicación en Galicia, contida fundamentalmente na Lei 7/1985 de 2 de abril, e na Lei 5/1997 de 22 de Xullo; e doutra banda da necesidade de acadar os votos favorables da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, para a aprobación da proposta do epígrafe.

Polo Sr. López López manifestase que o BNG vai votar a favor da aprobación dos estatutos da mancomunidade, coa esperanza de que este organismo funcione realmente, e non acabe converténdose noutro “chiringuito” para xustificar viaxes como a visita anual a FITUR, comidas ou actividades, que en tempos de crise non son de recibo.

Polo Sr. Alcalde contestase que persoalmente é exceptico respecto do funcionamento dun órgano no que se integra un elevado número de concellos, de características socioeconómicas moi diferentes, e con unha dispersión territorial moi elevada, o que non impide que vaia a votar a favor da aprobación destes estatutos, xa que determinados servizos é lóxico que se presten dun xeito mancomunado.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que o exemplo de FITUR, posto como exemplo de innecesario polo portavoz do BNG non é precisamente afortunado, xa que a promoción turística de A Mariña Luguesa pódese considerar como unha das actividades nas que a Mancomunidade ten un labor importante que realizar.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade de tódolos seus membros, acorda :

1º) Aprobar-la proposta de Alcaldía do epígrafe, que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTOS os Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa unha vez transcritas as correccións interesadas pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

CONSIDERANDO que nestes tempos de crise as fórmulas previstas na lexislación de réxime local tendentes a facilita-la xestión mancomunada de servizos ou o desenvolvemento de plans de ámbito supramunicipal constitúen unha ferramenta esencial para reducir gastos sen merma da calidade dos servizos.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a adopción de acordo polo que:

1º.- Se aproben os Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa unha vez transcritas as correccións interesadas pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia obrante no expediente.

2º.- Se ratifique o acordo plenario de data 17 de xuño de 2011 e na súa consecuencia se designe e nome a D. José Demetrio Salgueiro Rapa e D. José Manuel González Álvarez como representantes da Corporación Municipal de Xove para formar parte da Asamblea Plenaria da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa.

3º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove D. José Demetrio Salgueiro Rapa para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo.

2º) Aproba-los ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA, que a seguir e transcriben integramente:”

ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA

Capítulo I. Disposicións Xerais

Artigo 1.- Composición e denominación.-

Coa denominación de “Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa” e integrado polos concellos de Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, constitúese dita entidade local, ao abeiro do establecido nos artigos 135 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e na lexislación básica estatal, con personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos fins específicos establecidos nestes Estatutos.-

Artigo 2.- Domicilio.-

A sede da Mancomunidade, será a sede do concello de Barreiros, Praza do Concello, s/n - 27790 - San Cosme de Barreiros (Lugo).-

1. Non obstante, a Asamblea Plenaria, ou calquera outro órgano de goberno ou administración, poderá realizar as súas sesións en calquera das sedes das entidades mancomunadas ou das instalacións afectas aos servizos que preste.-

2. Os servizos especializados da Mancomunidade poderán instalarse en calquera dos entes mancomunados, a petición da Corporación de que se trate ou de oficio segundo o acorde a Asamblea Plenaria da Mancomunidade.-

Artigo 3.- Ámbito territorial.-

O ámbito territorial onde a Mancomunidade desenvolverá os seus fins, abrangue o territorio dos concellos implicados.-

Capítulo II. Obxecto e Competencia

Artigo 4.- Obxecto e fins.-

O obxecto ou fin da Mancomunidade será:

a) Prestación parcial ou integral do servizo de recollida selectiva e transporte de residuos, e de se-lo caso, cantas outras competencias atribúa a lexislación xeral ou sectorial nesta materia.-

b) A xestión e execucións de plans, programas ou proxectos de interese público ou común para as entidades mancomunadas e de competencia destas (desenvolvemento industrial e turístico nos termos do artigo 44.2 da lei 7/1985, do 2 de abril; artigo 36.4º do RDL 781/1986, do 18 de abril e artigo 142.1º da lei 5/1997, do 22 de xullo LALGA), así como a obtención, xestión e investimento dos correspondentes fondos, en materia de políticas de desenvolvemento rexional, social ou

agrícola, no marco das iniciativas europeas, nacionais, autonómicas ou locais, e doutros entes, institucións ou entidades, públicas ou privadas.-

c) Asumir a execución de obras relativas a plans, programas ou proxectos, que as administracións mancomunadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa creación, instalación e prestación parcial ou integral.-

d) Extinción de Incendios Forestais.-

e) Parque de Maquinaria para obras públicas e servizos.-

f) Asesoramento técnico, asistencia xurídica e soporte técnico de xestión de expedientes e plataforma dixital.-

g) Servizos sociais, culturais e deportivos.-

Artigo 5.- Potestades

A Mancomunidade realizará as súas actividades en nome propio e para o establecemento, conservación, prestación e desenvolvemento dos fins expresados no artigo anterior, dispoñendo, a tales efectos, de plena competencia, polo que os acordos ou resolucións que adopten os seus órganos de goberno obrigarán a tódalas entidades mancomunadas.-

Para o cumprimento dos seus fins a “Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa”, exercerá as seguintes potestades:

a) A Potestade regulamentaria e de autoorganización.-

b) A potestade de programación ou planificación.-

c) A potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens.-

d) A potestade de lexitimidade e executividade dos seus actos.-

e) As potestades de execución forzosa e de sancionar.-

f) A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.-

g) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos, nos termos previstos nas leis e as de prelación, preferencia e demais prerrogativas recoñecidas á Facenda Pública en relación cos seus créditos, sen prexuízo das que lle correspondan á Facenda do Estado e da Xunta de Galicia.-

h) Aqueloutras que lle sexan delegadas ou encomendadas por outras Administracións Públicas.-

Capítulo III. Órganos de Goberno e Administración

Artigo 6.- Órganos de Goberno

Serán órganos de goberno da Mancomunidade: a Asemblea Plenaria o Presidente e o Vicepresidente.-

Artigo 7.- Órganos complementarios

Serán órganos complementarios da Mancomunidade:

a) Comité consultivo.-

b) Xunta de Goberno.-

Na sesión constitutiva ou de renovación da Asemblea Plenaria, de entre os seus membros serán elixidos os membros que integrarán a Xunta de Goberno da Mancomunidade, da que formarán parte integrante o Presidente/a e Vicepresidente/a e tantos vogais coma os restantes concellos aos que non estean adscritos os anteriores, sendo o seu número de dezasete (un por cada un dos concellos mancomunados).

A súa revogación ou cesamento serao do mesmo modo que o nomeamento e, en todo caso, pola extinción ou cese no cargo municipal que lexitimou a posibilidade da súa elección.-

O Comité Consultivo estará integrado por seis membros, designados e revogados libremente de entre os vogais da Asemblea Plenaria polo Presidente, que presidirá o devandito órgano, que asistirán á presidencia no seu mandato. A súa natureza é a asistencia ao Presidente no exercicio das atribucións que lle son propias.-

Artigo 8.- Composición da Asemblea Plenaria

Comporán a Asemblea Plenaria, dous membros da cada unha das Corporacións mancomunadas, xa que logo, trinta e catro membros en total, serán designados polos concellos mancomunados no número de dous por cada Corporación municipal, elixidos libremente de entre os seus membros

corporativos no seno do Pleno destes, actuando na representación municipal á que corresponden e atendendo ao pluralismo político existente en cadansúa Corporación local.

Poderán ser revogados do mesmo modo como foron designados, é dicir, por acordo da respectiva entidade municipal, e o seu mandato rematará ou se extinguirá ao cesar no cargo municipal que llexitimou a súa elección ou por motivo de resolución ou acordo da respectiva entidade municipal.

Así mesmo, cesarán de conformidade co establecido no artigo 13.2 destes Estatutos.-

A representación de cada membro será igualitaria para todos os municipios mancomunados (un membro un voto persoal e indelegable).

Artigo 9.- Competencias da Asemblea Plenaria.

Corresponden á Asemblea Plenaria da Mancomunidade, por analoxía, cantas competencias sexan atribuídas ao Pleno dos Concellos pola normativa vixente en materia de réxime local e sexan de aplicación á Mancomunidade para a consecución dos seus fins, así como, as demais que se lle asignan de seguido:

Corresponderanlle á Asemblea Plenaria, para o desenvolvemento e xestión das actividades e servizos determinados polo obxecto e fins da Mancomunidade, as seguintes atribucións:

- a) O control e a fiscalización dos demais órganos de goberno.-
- b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do domicilio, dos seus servizos xerais e os especializados; así como o cambio da súa denominación.-
- c) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas ou regulamentos ou, de se-lo caso, a proposta destas ás entidades mancomunadas, así como a creación e regulación de órganos complementarios.-
- d) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos; a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo isto de acordo co disposto na Lei de facendas locais.-
- e) A aprobación dos plans, programas e proxectos, así como a forma de xestión dos servizos e actividades.-
- f) A aceptación da delegación de competencias feita por outras administracións públicas.-
- g) A presentación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.-
- h) A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións do persoal, e o número, características e retribucións do persoal eventual.-
- i) O exercicio de accións xudiciais e administrativas da Mancomunidade en materias de competencia da Asemblea Plenaria.-
- j) Coñecer e resolver as reclamacións que formulen as entidades mancomunadas, así como a declaración de lesividade dos actos da Mancomunidade.-
- k) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.-
- l) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada das cales, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.-
- ll) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros (6.000.000,00 €), así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.-
- m) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.-
- n) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros (3.000.000,00 €), así

como os alleamentos patrimoniais e gravame de bens e dereitos dos que a Mancomunidade sexa titular.-

ñ) A aprobación das directrices e normas de réxime interno, dos plans e programas anuais de goberno, administración e dirección da Mancomunidade.-

o) A elección de entre os seus membros, de presidente e vicepresidente da Mancomunidade, e o seu cesamento, así como a determinación dos representantes das entidades mancomunadas que, se é o caso, desenvolvan as súas responsabilidades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.-

p) A aprobación da modificación dos estatutos, e a proposta de modificación destes ás entidades mancomunadas.-

q) A aprobación do regulamento dos servizos que preste a Mancomunidade, será remitido ós entes mancomunados para o seu coñecemento, así como a adopción da forma concreta de xestión dos servizos da súa competencia.-

r) A proposición ás entidades mancomunadas das ordenanzas fiscais, elementos tributarios, taxas, prezos públicos e tarifas que fosen procedentes en relación coas finalidades da Mancomunidade.-

s) Aproba-lo inventario de bens e dereitos e a memoria anual, dando conta diso ás entidades mancomunadas.-

t) A fixación das achegas, sexan ordinarias ou extraordinarias, que obrigatoriamente teñan que efectuar as entidades mancomunadas para o sostemento da Mancomunidade.-

u) Proponer e aprobar a adhesión ou incorporación á Mancomunidade de novas entidades locais, así como a separación dos que a integran.-

v) A proposta de disolución da Mancomunidade.-

w) Aquelas outras que deban corresponder á Asemblea Plenaria por esixir a súa aprobación unha maioría especial.-

x) Calquera outra que se someta á súa consideración por entender que afectan de modo relevante aos intereses comúns, e as demais que expresamente lle confiran as leis.-

Das atribucións indicadas teñen carácter de delegables as relativas aos apartados que a lei básica de réxime local outorga aos plenos dos concellos, previo acordo plenario adoptado en dito sentido.

Art. 10.- Elección de Presidente.

A Asemblea Plenaria da Mancomunidade, no día da súa constitución ou renovación, elixirá Presidente de entre os seus membros, que para a súa elección precisará o quórum da maioría absoluta en primeira votación e, de non resultar esta cualificación, se procederá á elección nunha segunda votación bastando a maioría simple dos asistentes.-

Art. 11.- Competencias do Presidente.

O presidente, ademais de ostentar a representación da Mancomunidade, terá por analoxía cantas atribucións son conferidas ao Alcalde pola normativa de réxime local cara a consecución dos fins da Mancomunidade e as que se lle asignan de seguido:

a) Dirixir o goberno e a administración, velando polo cumprimento dos estatutos.-

b) A representación legal e a sinatura de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios ou útiles para o cumprimento dos seus fins.-

c) Convocar e presidir as sesións da Asemblea Plenaria, agás os supostos previstos na lexislación do réxime local, e de calquera outro órgano da Mancomunidade, e decidir os empates con voto de calidade.-

d) Dirixir, inspeccionar e impulsar as obras, servizos e actividades, xestionando con entidades públicas e privadas a resolución dos problemas que o afecten, ordenando os informes, estudos e consultas pertinentes.-

e) Ditar bandos.-

f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das recollidas no artigo 158.5º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada

exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio anterior; ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.-

g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados pola Asemblea Plenaria, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuí-las retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas.-

h) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo do persoal da Mancomunidade e o despedimento do persoal laboral, dando conta á Asemblea Plenaria, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que realice. Esta atribución entenderase sen prexuízo do previsto na disposición adicional 2ª do EBEP e normativa de desenvolvemento.-

i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Mancomunidade nas materias da súa competencia, incluso cando as tivese delegado noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia da Asemblea Plenaria, neste suposto dándolle conta a este na primeira sesión que realice para a súa ratificación.-

j) A iniciativa de lle propoñer á Asemblea Plenaria a declaración de lesividade en materias da súa competencia.-

k) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos e grave risco destes, as medidas necesarias e axeitadas, dándolle conta inmediata á Asemblea Plenaria.-

l) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.-

m) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros (6.000.000,00 €); incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.-

n) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.-

o) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros (3.000.000,00 €); así como alleamento do patrimonio, para bens inmoebles e moebles, sempre que non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros e que estean previstos no orzamento.-

p) Ordenar a publicación, execución e facer cumpri-los acordos da Mancomunidade.-

q) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lles asignen ás Mancomunidades, e non lles atribúan a outros órganos deste.-

r) Presentarlle á Asemblea Plenaria os estudos, proxectos e iniciativas de interese para a Mancomunidade, o plan de xestión dos servizos e actividades, así como o estudo, preparación e ditame dos asuntos dos que, por razón da materia, a súa resolución lle incumba á Asemblea Plenaria.-

s) O desempeño das tarefas ordinarias da Mancomunidade, así como a aprobación dos actos necesarios para o seu funcionamento.-

t) Coordinar as tarefas da Mancomunidade cos servizos das entidades mancomunadas directa ou indirectamente relacionados coa competencia desta entidade.-

u) As funcións que para o desenvolvemento dos servizos lle delegue a Asemblea Plenaria.-

v) Calquera outra función non atribuída aos demais órganos de goberno e administración da Mancomunidade.-

As competencias que por analogía ao Alcalde atribúense ao Presidente exércense segundo a redacción que rexe para os Alcaldes.

En caso de ausencia, enfermidade, incapacidade ou vacante do presidente, serán exercidas as súas funcións polo vicepresidente.

Pódense delegar polo Presidente aquelas competencias que por analoxía se lle atribúen, pola lei de réxime local estatal ou autonómica, aos alcaldes-presidentes dos concellos e deputacións.-

Artigo 12.- Designación do Vicepresidente.-

A Asemblea Plenaria da Mancomunidade, conforme ao establecido no artigo 146.2 da LALGA, designará e revogará por maioría simple a proposta do Presidente, libremente de entre os membros da Asemblea Plenaria, un Vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, non podendo recaer nun representante do mesmo concello.-

Artigo 13.- Renovación dos órganos de goberno.-

Os órganos de goberno da Mancomunidade serán renovados coa mesma periodicidade que as Entidades Locais Territoriais mancomunadas. Tódolos membros dos órganos de goberno da Mancomunidade continuarán en funcións unha vez disoltas as corporacións e mentres non se constituían as novas ata a constitución de novo de estes órganos.-

A perda da condición de membro dun dos entes mancomunados suporá o cesamento como membro dos órganos de goberno da Mancomunidade.-

Artigo 14.- Da Comisión Especial de Contas.-

A Mancomunidade contará cunha Comisión Especial de Contas, que se axustará ao previsto na normativa aplicable de réxime local, a súa composición será determinada na sesión constitutiva ou de renovación da Asemblea Plenaria.-

Capítulo IV. Réxime Xurídico e Funcionamento

Artigo 15.- Réxime de sesións.-

A convocatoria, réxime das sesións e actas dos órganos colexiados da Mancomunidade axustarase ao disposto na normativa vixente en materia do réxime local.-

A Asemblea Plenaria celebrará sesión ordinaria cada seis meses, cuxa determinación será acordada pola Asemblea Plenaria. Poderanse celebrar sesións extraordinarias mediante convocatoria do Presidente, ben por decisión propia ou cando o solicite a cuarta parte, coma mínimo, do número legal de membros da Asemblea Plenaria da Mancomunidade.-

Artigo 16.- Funcionamento da Asemblea Plenaria.-

A Asemblea Plenaria adoptará os seus acordos por maioría simple, agás aqueles supostos que indica o artigo 47 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-

A representación de cada membro será igualitaria para todos os municipios mancomunados (un membro un voto persoal e indelegable).

En caso de empate, efectuarase unha segunda votación e, se persistira o empate, decidirá o voto que emitira o Presidente, como voto de calidade.-

Artigo 17 - Obrigatoriedade de acordos.-

Os acordos que adopten os órganos de goberno da Mancomunidade vincularán a tódalas entidades integrantes, sempre que se adopten para o cumprimento dos fins asumidos polo mesmo, e salvo que requiran a expresa ratificación de cada un dos entes mancomunados, que procedera nos seguintes casos:

- A disolución do Mancomunidade.-
- A admisión de novos membros ou a separación de algún deles.-
- A modificación dos Estatutos.

Artigo 18.- Réxime de acordos.-

O réxime xurídico aplicable á organización, funcionamento, acordos e resolucións dos órganos da Mancomunidade axustarase ao disposto na normativa de réxime local e do réxime xurídico das administracións públicas, que se desenvolverá conforme aos principios de racionalidade, economía e eficiencia da xestión.-

Os actos dos diferentes órganos do Mancomunidade ditados no ámbito das súas competencias porán fin á vía administrativa nos casos que dispón o artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo

Común, e serán impugnables en vía administrativa e xurisdiccional, de conformidade co establecido na lexislación de réxime local e xeral.-

A publicación dos acordos e resolucións da mancomunidade farase nos boletíns e diarios oficiais nos que legalmente proceda.-

Capítulo V. Dereitos e Deberes dos Entes Mancomunados.

Artigo 19 - Dereitos dos entes mancomunados.-

Os entes mancomunados terán os seguintes dereitos:

- A) Participar dos servizos que promova a Mancomunidade.-
- B) Exercitar o dereito de voz e voto na Asemblea Plenaria a través dos seus representantes.-
- C) A separase da Mancomunidade voluntariamente, tralo informe favorable da Asemblea Plenaria, a solicitude do Pleno do concello de que se trate mediante resolución motivada, acadada co voto favorable da maioría absoluta, cunha antelación mínima dun ano á finalización do exercicio económico que corresponda, achegando declaración responsable, proporcional e solidaria das obrigas pendentes ao servizo do que veña participando ou se comprometera o dito concello, de acordo co disposto no artigo 143.3 da LALGA-
- D) Aqueles que a lei básica do réxime local e da Comunidade Autónoma lles atribúa esencialmente e non se enumeren nestes estatutos.-

Artigo 20.- Deberes dos entes mancomunados.-

Os entes mancomunados terán os seguintes deberes:

- A) Acatar os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Plenaria e demais órganos de administración.-
- B) Abonar as achegas económicas para o financiamento dos distintos servizos mancomunados.-
- C) A comprometerse a consignar nos seus orzamentos municipais as achegas económicas suficientes para o financiamento das obrigas e compromisos económicos aos que aluden os presentes estatutos.

Capítulo VI. Persoal

Artigo 21.- Persoal con habilitación estatal.

Os postos de Secretario, Interventor e Tesoureiro, que se cubrirán por funcionarios con habilitación de carácter estatal, crearanse e clasifícanse como propios e independentes, de conformidade co establecido na lei 7/2007, do 12 de abril, e no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, e restante normativa específica que afecta a estes funcionarios.

Artigo 22.- Persoal ao servizo da Mancomunidade.-

Para o desenvolvemento das funcións e traballos administrativos a Mancomunidade poderá contar con persoal propio, segundo se especifique no cadro de persoal que se aprobe anualmente xunto co orzamento da Mancomunidade, con suxeición ao establecido na lexislación de réxime local, na lexislación básica estatal e normativa autonómica de aplicación.-

Capítulo VII. Facenda

Artigo 23.- Réxime económico.-

A Asemblea Plenaria aprobará anualmente un Presuposto único, axustado na súa elaboración, forma e desenvolvemento, ás disposicións que rexen na lexislación de réxime local.-

Artigo 24.- Recursos económicos.-

A Facenda da Mancomunidade estará constituída polos seguintes recursos:

- a) Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.-
- b) Subvencións e outros ingresos de dereito público.-
- c) As subvencións, contribucións, e transferencias de calquera entidade pública ou privada, incluíndo os fondos estruturais, de cohesión, ou calquera outro, procedentes da Unión Europea, tales como FEDER, FEOGA, FSE, que coadruven ao obxecto e fins relacionados no artigo 4º.
- d) Subvencións a fondo perdido, que poden ser outorgadas pola Xunta de Galicia, nos termos establecidos polo artigo 136.1 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.-
- e) As contribucións económicas ordinarias ao orzamento por parte das entidades mancomunadas.-

- f) As taxas, e prezos públicos que se establezan para a prestación de servizos ou realización de actividades da súa competencia.-
- g) Contribucións especiais pola execución de obras ou polo establecemento, ampliación ou mellora de servizos da competencia das entidades mancomunadas.-
- h) O produto das operacións de crédito.-
- i) O produto de multas e sancións no ámbito das súas competencias.-
- j) Outros recursos que a lexislación de facendas locais recoñece a favor das entidades locais.-
- k) As demais prestacións de dereito público.

1. Tamén constituirán recursos da Mancomunidade as contribucións económicas extraordinarias das entidades mancomunadas.-

2. Son aplicables aos recursos da Mancomunidade o disposto na Lei de facendas locais, respecto aos recursos dos concellos, coas particularidades propias do seu obxecto e fins.-

3. O réxime financeiro da Mancomunidade non alterará o propio dos concellos que o integran.-

Artigo 25.- Xestións, liquidación, inspección e recadación de tributos.-

A xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos que estableza a Mancomunidade realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como as disposicións distadas para o seu desenvolvemento.-

Artigo 26.- Infraccións, sancións e recargas .

Será aplicable aos tributos que estableza a Mancomunidade o réxime de infraccións, sancións e recargas regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.-

Artigo 27.- Contribucións económicas.-

1.- *Contribucións económicas ordinarias.* As contribucións económicas ordinarias anuais de cada entidade mancomunada calcularanse en función da poboación de cada concello resultante do último Padrón aprobado o 31 de decembro, segundo datos oficiais proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística.-

2.- *Contribucións económicas extraordinarias.* As contribucións económicas extraordinarias anuais de cada entidade mancomunada calcularanse segundo acorde a incorporación do servizo por acordo de maioría simple da Asemblea Plenaria, en función da repercusión dos servizos en cada unha das entidades mancomunadas. Para o cobro das achegas ás entidades mancomunadas será requisito indispensable a efectiva prestación dos servizos por parte da Mancomunidade, polo que aquelas entidades que por renuncia, baixa ou outros motivos, non recibiran a prestación dun ou máis servizos non terán a obriga de contribuír ao custo destes.-

3.- Para o ano 2009 e sucesivos as contribucións ordinarias respectarán as porcentaxes provisionais de contribución, que se corresponderán cos datos achegados polo INE, referidos á poboación de cada un dos concellos.-

4. Os Concellos mancomunados consignarán nos seus orzamentos as cantidades precisas para atender, nos sucesivos exercicios económicos, as obrigacións derivadas dos compromisos contraídos coa mancomunidade a que pertencen. Transcorrido o prazo para o ingreso das achegas dos municipios que integran a mancomunidade, o seu Presidente poderá dirixirse á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos do municipio debedor e o seu ingreso na facenda da mancomunidade.-

Artigo 28.- Financiamento dos servizos e das actividades.

Para a execución das obras e a prestación de servizos e actividades redactarase o correspondente proxecto, memoria valorada e informe técnico, determinándose o sistema de financiamento que proceda, en consonancia cos recursos sinalados nos presentes estatutos.-

Artigo 29.- Aprobación do orzamento.

1. A Mancomunidade aprobará anualmente un orzamento único, comprensivo das obrigas que, como máximo, poderá recoñecer durante o correspondente exercicio económico, e dos dereitos que se preveña liquidar no mesmo período.-

2. O dito orzamento axustarase no seu contido, estrutura, tramitación e aprobación ó establecido pola Lei de facendas locais e disposicións que a desenvolvan.-

Artigo 30.- Previsión dos gastos e ingresos.

1. Tódalas contribucións económicas ordinarias, referidas no punto 1 do artigo anterior, serán efectuadas polas entidades mancomunadas mediante entregas periódicas, que se ingresarán con anterioridade ao último día de cada trimestre natural á tesourería da Mancomunidade, ou en calquera outro prazo fixado por acordo da Asemblea Plenaria.-

2. En caso de que as entregas referidas no punto anterior non se efectúen nos prazos previstos, co obxecto de regularizar os ingresos das contribucións das entidades mancomunadas, estas:

a) Facultan ao presidente da Mancomunidade para que, transcorrido o prazo para o ingreso das contribucións das entidades mancomunadas, e acreditada a débeda polo seu secretario, logo de informe da tesourería e da intervención, poida dirixirse á Administración Central ou á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos ou cotas pendentes con cargo ás cantidades que por calquera concepto fosen liquidadas a favor da entidade mancomunadas debedora, por igual importe ao das contribucións non satisfeitas trimestralmente, para o seu ingreso na facenda da Mancomunidade.-

b) Recoñécenlle, á Deputación Provincial de Lugo, a facultade de reter o importe das cantidades debidas con calquera crédito que a favor da entidade mancomunada se dispoña na Corporación Provincial, transferindo as ditas cantidades á Mancomunidade. Esta retención solicitaraa o presidente da Mancomunidade, sinalando o importe da débeda e data de vencemento, que deberán acreditarse mediante certificación da secretaría, logo dos informes do tesoureiro e interventor, sobre o importe pendente de ingresar.

3. Nos casos previstos no número anterior do presente artigo, con carácter previo, darase audiencia á entidade afectada, requiríndolle de pagamento por prazo de dez días.-

4. No suposto de que algunha entidade mancomunada lle debese á Mancomunidade dous trimestres da súa contribución, a presidencia procederá a asinar resolución, logo de audiencia ao afectado, pola que se acorde deixar de prestar os servizos e actividades.-

5. O mesmo réxime dos puntos anteriores aplicarase ás contribucións económicas extraordinarias, que se terán que ingresar na tesourería da Mancomunidade no prazo máximo dun mes desde a notificación do pertinente acordo da Asemblea Plenaria.-

6. As contribucións das entidades mancomunadas consideraranse ingresos de carácter público da Mancomunidade para tódolos efectos legais.-

Artigo 31.- Demora no ingreso de contribucións.

As cantidades que non fosen ingresadas na tesourería da Mancomunidade na data de vencemento fixada no artigo anterior, incrementaranse en proporción ao tempo transcorrido ata o seu pagamento efectivo coa cantidade que resulte de aplicar o xuro de demora fixado pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio correspondente.

Artigo 32.- Xestión orzamentaria.

Será igualmente aplicable o disposto pola Lei de facendas locais, en materia de créditos e as súas modificacións, xestión e liquidación do orzamento, coas peculiaridades propias da Mancomunidade.-

Artigo 33.- Tesourería da Mancomunidade.

A tesourería da Mancomunidade rexerase polo disposto da Lei de facendas locais e, en canto lle sexa de aplicación, polas normas do título V da Lei xeral orzamentaria.-

Artigo 34.- Contabilidade.

A Mancomunidade levará a súa contabilidade de conformidade coa instrución de contabilidade para a Administración local ordinaria.-

Artigo 35.- Rendición de contas.

A Mancomunidade, coas peculiaridades derivadas da súa finalidade e estrutura orgánica, elaborará e renderá as contas anuais nos termos sinalados polos artigos 189 a 193 da Lei de facendas locais.-

Artigo 36.- Fiscalización.

A xestión económica da Mancomunidade será obxecto das fiscalizacións interna e externa reguladas pola Lei de facendas locais.-

Capítulo VIII. Duración da Mancomunidade, modificación dos estatutos, separación e incorporación de membros e disolución da Mancomunidade

Artigo 37.- Duración temporal.-

A Mancomunidade terá unha duración por tempo indefinido, xa que logo, o carácter dos fins a perseguir son permanentes.-

Artigo 38.- Disolución.-

1. A disolución da Mancomunidade poderá ter lugar polas seguintes causas:

- Por disposición legal.-
- Por acordo da Asemblea Plenaria co quórum establecido nestes Estatutos.-
- Por desaparición do fin para o que se constituíu.-

2. O procedemento de disolución regularase de conformidade co previsto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.-

3. A disolución da Mancomunidade comporta a liquidación do seu patrimonio e a adxudicación dos seus bens e persoal ás entidades integrantes en proporción ás súas respectivas achegas.-

A estes efectos crearase unha Comisión Liquidadora que fará un inventario de bens, servizos e dereitos do Mancomunidade, cifrará os seus recursos, cargas e débedas e relacionará o seu persoal e propondrá á Asemblea Plenaria da Mancomunidade a oportuna distribución ou integración deles nos entes mancomunados, de conformidade cos datos que servisen para a formación do patrimonio. A proposta de liquidación para ser aprobada requirirá o voto favorable da maioría absoluta da Asemblea Plenaria. Unha vez aprobada, a proposta será vinculante para os entes mancomunados.-

Artigo 39 - Modificación estatutos.-

Para a modificación dos Estatutos seguirase o procedemento previsto no Artigo 143 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.-

Artigo 40 - Incorporación novos membros.-

A incorporación de novos membros á Mancomunidade levará consigo a modificación dos Estatutos conforme ao disposto no Artigo 143 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.-

Dita incorporación pode selo para un o varios dos servizos que se determinen polo Concello que se adhira dos previstos no artigo 4.-

Artigo 41.- Separación de membros.-

A separación dunha entidade mancomunada levará consigo a modificación dos Estatutos conforme ao Artigo 143 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.-

No caso de que unha entidade decida unilateralmente separarse da Mancomunidade deberá manifestalo cun ano de antelación, a contar dende a correcta comunicación á Mancomunidade do acordo de separación, sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos durante ese tempo; compromisos consistentes, entre outros extremos, tanto en gastos correntes como en operacións de crédito concertadas a longo prazo que tiveran como obxecto o pagamento de tales gastos producidos durante o tempo en que a entidade mancomunada que se separa aínda pertencera á Mancomunidade.-

Dereito supletorio

En todo o non previsto nos presentes Estatutos será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril e demais normativa sobre réxime local aplicable.-

Outras Disposicións

Disposicións adicionais

Primeira.- Para o cumprimento dos seus fins, a Mancomunidade poderá valerse dos servizos administrativos e técnicos de calquera das entidades locais mancomunadas, coa conformidade do Concello que cede o persoal e do empregado público ao que se acumulan as funcións, segundo a lexislación vixente.-

4º) ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe e o **Proxecto de Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove** obrante no expediente e que a seguir se transcribe integramente:”

Ordenanza Xeral de Subvencións

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Xove ven levando a cabo unha importante actividade subvencionadora, co obxecto de dar resposta a diferentes demandas sociais e económicas de persoas físicas e xurídicas.

Deste xeito, as subvencións configúranse como unha técnica de fomento e incluso como procedemento de colaboración entre esta Administración e os particulares para a xestión de actividades consideradas de interese xeral en ámbitos entre outros como a acción social, a educación, a cultura, o deporte, a vivenda, a xuventude, o medio ambiente, o comercio, o ocio e tempo libre ou a participación cidadá como esixencia do Estado Social e democrático de dereito.

A presente Ordenanza Xeral de Subvencións descansa sobre un conxunto de principios xerais que deben inspirar en todo momento a actividade subvencional: igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia e eficiencia. A actividade subvencional procurará sempre ademais minimizar os posibles efectos distorsionadores do mercado que puideran derivarse do establecemento das subvencións, e manter a congruencia entre os medios e os fins que xustifiquen a concesión de axudas.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en adiante LXS-de aplicación ao Concello de Xove en virtude do disposto no seu artigo 3.1.b)- e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en adiante LSG-de aplicación ao Concello de Xove en virtude do disposto no seu artigo 3.1.c)-establecen respectivamente nos seus artigos 9.2 e 6.2 que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos en ditas leis, debendo publicarse no Diario Oficial correspondente. Pola súa parte, o artigo 17.2 da LXS establece que as citadas bases reguladoras das subvencións das corporacións locais, deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través de unha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Para dar cumprimento ao exposto no párrafo anterior, faise necesaria a aprobación de un marco xurídico adecuado regulador das bases de concesión de subvencións no ámbito do Concello de Xove, adaptado á mencionada LXS e LSG. Isto levarase a cabo a través da presente Ordenanza Xeral de Subvencións, a que regulará o réxime xurídico xeral de aquelas subvencións que, por razón da materia, non contén con ordenanza específica en vigor. Pola contra, as materia subvencionables que xa contén na actualidade con ordenanza de subvencións específica-previa a súa adaptación á LXS e LSG, e as materias que nun futuro puideran contar con ordenanza específica propia, rexeranse por ditas ordenanzas propias e específicas sendo, en calquera caso, a presente ordenanza de aplicación supletoria ás mesmas.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral do Concello de Xove en relación á actividade de fomento, entendida como a acción administrativa encamiñada á protección ou promoción daquelas actividades no ámbito

da cultura, recreación, actividade física e deporte, actividades económicas, xuventude, ensino, sanidade, servizos sociais, medio ambiente, participación cidadá, bolsas, premios ou axudas para a realización de actividades que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal e que persigan un interese ou finalidade pública.

Artigo 2.- Principios orientadores

Esta actividade exercerase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos seus obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e con adecuación á legalidade orzamentaria.

Artigo 3.- Concepto de subvención

1. Considerarase subvención toda disposición dineraria que outorgue o Concello de Xove a favor de persoas públicas ou privadas para o desenvolvemento de proxectos, accións, condutas ou situacións que cumpra os seguintes requisitos:

- a) que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios
- b) que a entrega esta suxeita ao cumprimento dun determinado obxecto, é execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa desenvolto ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran
- c) que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública

2. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta Ordenanza as achegas de diñeiro que, en concepto de cotas, tanto ordinarias coma extraordinarias, realice o Concello de Xove a favor de asociacións ás que pertenza, de ámbito estatal, autonómico, provincial ou de calquera outra índole, para a protección e promoción dos seus intereses comúns así como os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario nin as achegas a grupos políticos.

Artigo 4.- Bolsas e premios

O réxime especial aplicable ao outorgamento de bolsas e premios educativos, culturais, deportivos ou de calquera outra natureza, axustarase ao contido desta ordenanza, agás en aqueles aspectos nos que pola especial natureza da subvención, non resulte aplicable.

Artigo 5.- Características das subvencións

- a) As subvencións estarán afectadas ao cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento.
- b) Non poderán obedecer a mera liberalidade
- c) Non poderán invocarse como precedente
- d) Non xerarán a favor do beneficiario dereito a esixir o aumento ou revisión
- e) A entrega da subvención non suporá contraprestación directa do beneficiario
- f) Non terán carácter contractual
- g) En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. As bases de cada convocatoria sinalarán a contía ou porcentaxe máxima subvencionable ou ben unha combinación de ámbalas dúas en cada liña de subvención. Isto mesmo será de aplicación ás subvencións de concesión directa.
- h) Serán revogables ou reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou que se aplique a unha finalidade diferente daquela para a que foi concedida.

Artigo 6.- Beneficiarios

Terá a consideración de beneficiario das subvencións a persoa que vai realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

En concreto, poderán ser beneficiarios:

- as persoas físicas domiciliadas no Concello de Xove
- as entidades e asociacións sen fin de lucre, públicas ou privadas, domiciliadas no Concello de Xove, que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións
- as entidades e asociacións sen fin de lucre que, aínda que non estean domiciliadas no Concello de Xove ou non estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións realicen actividades de carácter social, económico, etc., dentro do termo municipal ou/e en beneficio dos seus veciños.
- En ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha subvención do Concello de Xove aquela persoa ou entidade na que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 13.2 da LXS (art. 10.2 da LSG)

Artigo 7.- Obriga dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios:

- 1.- Cumprir o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión de subvención
- 2.- Xustificar ante o Concello de Xove o cumprimento dos requisitos e condicións así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión de subvención
- 4.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación de aplicación dada aos fondos percibidos.
- 5.- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. O Concello non obstante, poderá obter de oficio información sobre a situación tributaria do beneficiario co propio Concello.
- 6.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos contables debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ou, no seu caso, os estados contables que garantan o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 7.- Conservar a documentación xustificativa de aplicación dos fondos, incluídos documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 8.- Adoptar as medidas de publicidade do carácter público do financiamento da actividade, programa, actuación, etc., obxecto da subvención.
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS (artigo 33 da LSG). Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos na norma reguladora, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

Artigo 8.- Bases reguladoras das diferentes convocatorias

Non poderá iniciarse o procedemento de concesión de subvencións sen que previamente o órgano competente teña establecidas as bases reguladoras da convocatoria da subvención. As bases como mínimo conterán:

- a) Definición precisa do obxecto de subvención
- b) Créditos orzamentarios aos que se imputa e contía total máxima das axudas convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións, e se esixe un importe de financiamento propio
- c) Procedemento de concesión da axuda
- d) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- e) Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes
- f) Documentos e información que deben acompañarse á petición
- g) Indicación do órgano competente para a instrución e resolución do procedemento
- h) Criterios de valoración das solicitudes e de ser o caso, da súa ponderación
- i) Forma e prazo de xustificación do cumprimento dos fins da subvención e de aplicación dos fondos percibidos, así como a documentación válida aos efectos da xustificación
- j) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. No caso de admitirse a compatibilidade deberán establecerse os límites ou criterios para evitar a sobrefinanciación.
- k) Posibilidade de efectuar abonos a conta ou pagamentos anticipados
- l) Medidas de notificación ou publicación.

Artigo 9.- Publicidade das subvencións concedidas

As axudas concedidas polo Concello de Xove serán publicadas no B.O.P. expresando a convocatoria, a partida e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da axuda.

Non será precisa a publicación no B.O.P. nos seguintes supostos:

- a.- As previstas nominativamente no Orzamento Municipal

b.- Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte aplicable de acordo coa súa propia normativa

c.- Cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poda ser contraria ao respecto e salvagarda á honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

d.- Cando o importe das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexa de contía inferior a 3.000 euros. Neste caso, deberán publicarse na páxina web do Concello www.xove.es

TÍTULO II. PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN E XESTIÓN

Artigo 10.-O procedemento de concesión

Os procedementos de concesión de subvencións serán con carácter xeral o ordinario ou de concorrencia competitiva e con carácter excepcional, o de concesión directa.

CAPÍTULO I. A CONCORRENCIA COMPETITIVA

Artigo 11.- Definición

Terá consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o que a concesión das subvencións se realiza a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Non obstante, as bases reguladoras poderán excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario. Neste caso no que o procedemento administrativo establecido non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión, senon que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, o órgano xestor deberá publicar o esgotamento da partida orzamentaria asignada e a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se proceda ao incremento dos créditos do xeito establecido no artigo 31.2 da LSG. Fóra destes supostos, para a concesión de subvencións por importe superior á contía total máxima fixada, deberá realizarse unha nova convocatoria.

Artigo 12.- Inicio e presentación de solicitudes

1.- O procedemento para a concesión de subvencións iniciarase de oficio mediante convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local, de acordo co réxime de delegación de competencias establecido no acordo plenario de 17 de xuño de 2011. Este órgano será igualmente o competente para aprobar as normas ou bases reguladoras de cada tipo de subvención.

A convocatoria publicarase na páxina web do Concello e conterá un extracto do contido das bases reguladoras establecido no artigo 7 da presente Ordenanza.

2.- As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde-presidente do Concello, presentaranse no rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A convocatoria da subvención poderá admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, no momento da xustificación da axuda requirirase a presentación da documentación acreditativa correspondente.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a AEAT, a Seguridade Social e a Consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, cando así se prevea nas bases reguladoras.

3.- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nas bases reguladoras, o órgano competente requirirá ao interesado para que os subsane indicando que se non o fixera entenderase por desistido da súa solicitude.

Artigo 13.- Instrucción e proposta de Resolución

1.- A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponderá aos técnicos dos servizos municipais e á Concellaría que promova a convocatoria. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

2.- O órgano instrutor á vista do expediente, formulará a proposta de resolución previa, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados no xeito que estableza a convocatoria, tales como taboleiros de anuncios, notificacións ordinarias, etc. e concederáselle un prazo de 10 días para a presentación de alegacións.

Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva. A proposta de resolución definitiva notificaráselle aos interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrucción unicamente cando a dita notificación sexa obrigada segundo o previsto nas bases reguladoras.

3.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor do beneficiario proposto, fronte á administración, mentras non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

Artigo 14.- Órgano concedente

O órgano competente para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia competitiva será a Xunta de Goberno Local.

CAPÍTULO II. O PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

Artigo 15.- Definición

Poderán concederse de xeito directo:

- a) as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais. Este réxime será de aplicación exclusiva para o caso de asociacións de carácter social, deportivo e cultural ou calquera outro, legalmente constituídas e virán reguladas nas bases de execución do orzamento.
- b) Aqueloutras cuxo outorgamento veña imposto ao Concello por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A resolución de concesión destas axudas establecerá as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co establecido na LXS e LSG. Non obstante, poderán formalizarse convenios para a canalización das mesmas.

Como mínimo, a resolución deberá conter:

- A definición do obxecto da subvención
- O réxime xurídico aplicable, se pola súa especialidade lles fora aplicable algún distinto do que establece a LXS e LSG
- Os beneficiarios e as obrigas que se establezan para os mesmos
- O réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios
- As razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifiquen a dificultade das axudas comprendidas na letra c) do presente artigo.

CAPÍTULO III. XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 16.- Subcontratación das actividades subvencionadas

Enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por sí mesmo da actividade subvencionada. Fóra deste suposto poderase subcontratar ata o 100% da actividade subvencionada.

Artigo 17.- Xustificación das subvencións públicas

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, documentarase de maneira e no prazo que determinen as bases reguladoras da concesión, podendo revestir a forma de conta xustificativa do gasto realizado ou acreditarse o dito gasto por módulos ou mediante a presentación de estados contables.

En todo caso, o beneficiario da subvención acompañará os xustificantes de declaración de ter cumprido o obxecto da subvención para a que foi concedida. Asimesmo presentarase unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas

doutros entes públicos ou privados para idéntica finalidade ou, no seu caso, a declaración de non ser beneficiarios das mesmas.

Artigo 18.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido nas convocatorias.

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

As bases reguladoras das liñas de subvención a conceder poderán establecer que se teña en consideración como gasto realizado o gasto aínda que non figure efectivamente pagado durante o período que se estableza na convocatoria. Caso de que se esixa o pago, éste acreditarase mediante extractos ou certificacións bancarias, salvo que se trate de importes inferiores a 100 euros, que se poderán acreditar coa expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias e gastos por comisións bancarias
- b) Os xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) Os gastos de procedementos xudiciais
- d) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación
- e) Impostos persoais sobre a renda, nin tributos satisfeitos ao Concello de Xove

Salvo que as bases específicas de cada subvención prevean o contrario non se considerarán subvencionables os custos indirectos.

Con carácter excepcional as bases reguladoras poderán aceptar a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Artigo 19.- Comprobación de subvencións

As bases reguladoras da subvención determinarán o órgano competente para a comprobación da subvención que se materializará na emisión dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención. Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto co resto da documentación xustificativa.

CAPÍTULO IV. XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 20.- Procedemento de aprobación de gasto e pagamento

Con carácter previo á convocatoria das subvencións ou á súa concesión directa, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos no RDL 2/2004, de 5 de marzo e nas bases de execución do orzamento.

A resolución de concesión conlevará o compromiso do gasto correspondente.

Para proceder á expedición da orde de pagamento da subvención deberá realizarse a previa xustificación polo beneficiario da actividade subvencionada nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

As bases reguladoras da subvención determinarán se proceden ou non pagamentos a conta, que supoñen a realización de pagos fraccionados e responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Non poderán obter pagos anticipados aqueles beneficiarios que teñan no seu

poder fondos pendentes de xustificación logo do cumprimento do prazo de xustificación pola mesma o distinta subvención.

TÍTULO III. DO REINTEGRO, DO CONTROL FINANCEIRO E DAS INFRACCIÓNS E SANCIONES ADMINISTRATIVAS EN MATERIA DE SUBVENCIONES

Artigo 21.-Do reintegro

Será de aplicación o previsto no Título II da LXS e Título II da LSG e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 22.- Do control financeiro.

Será de aplicación o previsto no Título II da LXS e Título II da LSG e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 23.- Das infraccións e sancións administrativas

Será de aplicación o previsto no Título II da LXS e Título II da LSG e disposicións de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto na presente Ordenanza será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; o RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As subvencións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza rexeranse pola normativa vixente no momento da súa concesión.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza, que consta de 23 artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha final, será obxecto de publicación íntegra no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Aberto o debate, coa autorización da presidencia, polo Secretario Municipal, explícase á Corporación que o obxectivo da ordenanza do epígrafe é dotar á administración municipal dun marco legal xenérico para a súa actividade de fomento, no que se inclúen ou incluírán actuacións tan diversas como os premios e axudas ó estudio, os premios de concursos de toda índole ou calquera clase de axudas ou subvencións.

Polo Sr. López Hermida manifestase estar de acordo coa proposta do epígrafe, pero considera necesario reiterar que o BNG non é partidario de restar protagonismo ó Concello Pleno, xa que neste órgano están representados tódolos grupos políticos integrantes da Corporación Municipal.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade de tódolos seus membros, acorda aprobar inicialmente a ordenanza xeral de subvencións do concello de Xove, anteriormente transcritas, sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

5º) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONES A EMPRESAS PARA A INSTALACIÓN DE NOVAS ACTIVIDADES NO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:”

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Don José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde Presidente do Concello de Xove

VISTO: Que a data de hoxe aínda subsiste nas Bases Reguladoras da Concesión de Axudas e Subvencións a empresas para a instalación de novas actividades no Parque Empresarial de Camba (art. 3º) unha subvención de 4,21 €/m2 de superficie construída.

Considerando que dado o tempo transcorrido desde a finalización do proceso de venda por parte do INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO das parcelas do Parque Empresarial de Camba; non ten lóxica ningunha o seguir mantendo a axuda de referencia, posto que a totalidade das parcelas hai tempo que tiñan que estar ocupadas e desenvolvendo actividades empresariais.

Polo exposto, propono ao Concello Pleno a adopción de acordo polo que se suprima a axuda reflectida no art. 3º das Bases Reguladoras da Concesión de Axudas e Subvencións a empresas para a instalación de novas actividades no Parque Empresarial de Camba anteriormente nomeada.

A supresión proposta será de aplicación desde o mesmo momento no que o Concello Pleno, se é o caso, adopte o acordo de supresión proposto.”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta do epígrafe anteriormente transcrita.

6º) PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE.- INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA. APROBACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do informe ou Memoria de Sostibilidade Económica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Xove, elaborado polo equipo redactor, co visto e prace da Interventora Municipal; ós efectos do disposto na Disposición Primeira e o artigo 15.4 do R.D.L. 2/2008 de 20 de xuño e para dar cumprimento ó ordenado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no seu escrito de data 25 de novembro de 2011, obrante no expediente administrativo de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Xove.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-lo Informe ou Memoria de Sostibilidade Económica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Xove, obrante no expediente.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto non houbo asuntos que tratar.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e quince minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo